

Rematado o día 28/06/2021, ás 14.00 horas, o prazo de presentación das ofertas para tomar parte no procedemento de licitación *do contrato menor das obras* de **“EXECUCIÓN DE ROTONDA ENTRE A RÚA POMBAL E A AVDA. DE A CORUÑA”** (*Expte. contratación nº 2684/2021*), financiadas pola Excm. Deputación Provincial con cargo ao Plan Concellos 2020, reúnense, como Unidade Técnica de Contratación, na Casa Consistorial, o **día 29 de xuño de 2021**, as nove horas e cincuenta e cinco minutos, o arquitecto técnico municipal, D. Pelayo Eyo Valladares (*presencial*) e a funcionaria do Servizo de Contratación, D<sup>a</sup> Mar Mondragón Treviño (*presencial*), co obxecto de proceder a aperturar os sobres (*archivos electrónicos*) presentados a través da ferramenta SILEX, polas empresas que toman parte no mencionado procedemento e formular proposta de adxudicación, se procede.

### Datos do contrato:

Expte. Deputación: 2020023030		Expte. Subvención: 6405/2019		Expte. Contratación: 2684/2021	
Tipo de contrato: <b>OBRAS</b>					
Obxecto do contrato: <b>“EXECUCIÓN ROTONDA ENTRE RÚA POMBAL E A AVDA. DE A CORUÑA”</b>					
Procedemento de contratación: <b>Contrato menor.</b>			Tipo de Tramitación: <b>ordinaria</b>		
Código CPV: <b>45233128-2Traballos de construción de rotondas, 45233222-1Traballos de pavimentación e asfaltado 45233221-4 e Traballos de pintura da superficie da calzada</b>					
Prezo estimado do contrato: <b>32.263,68 €</b>			IVE: <b>6.775,37 €</b>		
Presuposto base de licitación: <b>39.039,05 €</b>					
Duración: <b>3 MESES</b>					
Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Retención crédito N.º Operación	Importe retido		
<b>2021.1533.60920</b>	<b>2021/0014</b>	<b>2021/EP/004964</b>	<b>39.039,05 €</b>		

### **1º.- SILEX.- REXISTRO DE OFERTAS**

Por Providencia da Alcaldía, de data 11/06/2021, iniciouse o expediente de contratación menor das obras de **“EXECUCIÓN DE ROTONDA ENTRE A RÚA POMBAL E A AVDA. DE A CORUÑA”**, na que se indicaba que se deberían solicitar varios orzamentos a contratistas con capacidade de obrar e habilitación profesional, a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 102.3, no sentido de que o prezo sexa adecuado para o efectivo cumprimento do contrato, mediante a correcta estimación do seu importe atendendo aos prezos xerais de mercado.

As empresas invitadas foron as seguintes: “Covsa”, “Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.” e “Narom, S.L.”

Seguidamente dáse lectura á certificación expedida polo SILEX, onde se indican as empresas que toman parte na contratación menor das obras de **“EXECUCIÓN DE ROTONDA ENTRE A RÚA POMBAL E A AVDA. DE A CORUÑA”** e que son as seguintes:

Número de ofertas presentadas electrónicamente a través de SILEX		3
Empresa	Data de presentación	
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A.	17/06/2021 16:25	
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S L	16/06/2021 12:24	
NAROM SL	23/06/2021 11:51	

**2º.- TRANSCRIPCIÓN PARCIAL DA PARTE DISPOSITIVA DO DECRETO DA ALCALDÍA 2021-0801, DO 14/06/2021, POLO QUE SE PRESTA APROBACIÓN AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.**

A continuación transcríbese parcialmente o Decreto da Alcaldía 2021-0801, de data 14/06/2021, polo que se aprobou o anexo de melloras e se estableceron os criterios de adxudicación do presente contrato:

“... **Segundo.-** Establecer como **criterios de adxudicación** do contrato, coa correspondente valoración, os seguintes:

<b>PREZO.</b>	Con respecto á mellor contía da baixa ofertada, aplicarase un valor de <b>5 puntos á mellor das ofertas presentadas</b> , obténdose as demais por comparación proporcional coa mellor polo procedemento de regra de tres.
---------------	---

<b>MELLORA.</b>			
<b>Descrición</b>	<b>Uds.</b>	<b>Prezo unitario</b>	<b>Total</b>
Ejecución de paso de peatones elevado entre la futura rotonda y la Avda. de A Coruña, con las mismas condiciones que las correspondientes partidas indicadas en el Proyecto, para el mismo paso entre la rotonda y el espacio deportivo de O Pombal, incluyendo además la ampliación de la pintura y las señales verticales correspondientes.	1	5.002,00	5.002,00
<b>PUNTUACIÓN</b>			<b>5 PUNTOS...”</b>

**3º.- SILEX.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN.**

**3.1.- COMPROBACIÓN DA PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓN RESPONSABLES ANEXO I.** Procédese seguidamente a comprobar no **SILEX**, a constancia das declaracións responsables (ANEXO I) presentadas polas empresas:

1	COVSA	CONSTA
2	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ PORTELA, S.L.	CONSTA
3	NAROM, S.L.	CONSTA
■	Comprobada constancia. As declaracións responsables quedan unidas ao Expte. Contratación 2684/2021.	

**3.2.- APERTURA DAS OFERTAS PRESENTADAS.**

Nº	OFERTANTE	Prezo estimado	IVE	Orzamento licitación	Baixa	MELLORAS OFERTADAS:
		32.263,68	6.775,37	39.039,05		Mellora 1
1	COVSA	32.263,68	6.775,37	39.039,05	0,00	NON
2	PÉREZ PORTELA, S.L.	32.263,68	6.775,37	39.039,05	0,00	NON
3	NAROM, S.L.	32.018,47	6.723,88	38.742,35	296,70	SI



### 3.3. PUNTUACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS:

Seguidamente pásase á valoración das ofertas, acadándose o resultado que se reflicte no cadro seguinte:

	EMPRESA	OFERTA	BAJA	PUNTOS	PUNTOS MELLORAS	TOTAL PUNTOS
1	COVSA	39.039,05	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
2	PÉREZ, S.L.	39.039,05	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>
3	NAROM, S.L.	<b>38.742,35</b>	<b>296,70</b>	<b>5,00</b>	<b>5,00</b>	<b>10,00</b>
	media	38.940,15				
	10%	3.894,01				
	desproporcionada	35.046,14				

Como queira que ningunha das ofertas presentadas pódese considerar desproporcionada, atendendo aos criterios establecidos polo art. 85 do Regulamento da LCAP, xa que ningunha delas sitúase por debaixo do 10% da media, procede a admisión das tres ofertas presentadas e, á vista das valoracións efectuadas, a presentada pola empresa “NAROM, S.L.” é a máis vantaxosa para este Concello.

Seguidamente compróbase a inscrición da empresa “NAROM, S.L.”, no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia e incorpórase a certificación da inscrición ao expediente de contratación 2684/2021.

**A Unidade Técnica de Contratación**, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.-** Admitir ao procedemento de contratación ás empresas relacionadas no cadro anterior.

**Segundo.-** Considerar a oferta máis vantaxosa, non incurso en temeridade, a formulada pola empresa “NAROM, S.L.”, polo prezo de **38.742,35 €** (Ive engadido), cunha baixa de **296,70 €** sobre o prezo de licitación e a execución da **mellora nº 1 (execución de paso elevado de peóns)**, dándosele traslado ao órgano de contratación para a súa adxudicación, se procede.

**Terceiro.-** Publicar a presente Dilixencia de apertura na páxina web municipal e notificar ás empresas participantes no procedemento.

Rematado o trámite de apertura ás dez horas e vinte minutos, esténdese a presente Dilixencia, no lugar e data indicados no encabezamento, que asinan electronicamente os membros da Unidade Técnica de Contratación.

